

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MAR DE FÓRA
CURSO: 1º PRIMARIA
MATERIA: LINGUA INGLESA
DEPARTAMENTO: LINGUA INGLESA
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).
B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.
B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social. PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).
B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.
B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.	PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).

B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos	PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)
B5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.	PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.
B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: observación e supervisión das actividades realizadas, así como da participación activa, interacción e cooperación cos compañeiros e compañeiras, atención e interese amosado pola materia.
	Instrumentos: libro e caderno de actividades, xogos interactivos, anotacións do progreso do alumnado e rúbricas.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Tarefas diarias: 70% Participación: 20% Atención e interese na materia: 10%
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Relación de sons e palabras en inglés coa súa imaxe correspondente. Contos, audicións, cancións e vídeos para aprender vocabulario sobre diferentes temas (números, cores, días, meses, estacións, tempo, familia, animais, roupa, comida, saúdos...).</p> <p>Cancións, vídeos e xogos nos que teñan que imitar e repetir accións e pronunciar palabras.</p> <p>Xogos de vocabulario (aforcado, adiviñar mediante mímica, sinalar ou buscar obxectos...)</p> <p>Actividades de debuxar e colorear coa cor correcta.</p> <p>Xogos interactivos multimedia.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Adoptarase unha metodoloxía na que o alumnado participe de maneira activa no seu propio proceso de aprendizaxe, realizando tarefas que lle resulten motivadoras e que esperten neles curiosidade por seguir aprendendo. Ademais se seguirá un modelo de aprendizaxe significativo, no cal teranse en conta os intereses e coñecementos previos do alumnado, que servirán de base para construír as súas novas aprendizaxes. Deste xeito, tratarase de facer actividades que aos estudantes lles resulten de utilidade na súa vida, fomentando así unha aprendizaxe continua e permanente. Nesta área, traballarase de maneira integrada as catro habilidades lingüísticas (comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita) e se incidirá moito na pronunciación das palabras en inglés. Para isto, empregaranse audicións e vídeos nos que falen persoas nativas, para que así adquiran a pronunciación inglesa real e máis correcta posible. Ademais, a imitación e a repetición de accións terá unha importancia moi relevante na aprendizaxe do inglés como lingua estranxeira, polo que se empregará o método de Resposta Física Total (TPR), a través do cal o alumnado aprenderá vocabulario á vez que realiza exercicios físicos sinxelos, como saltar, aplaudir, sentarse, pechar os ollos, sinalar partes do corpo ou outros obxectos e facer imitacións de animais, obxectos ou accións.</p> <p>En canto á comunicación co alumnado e as súas familias, empregaranse os seguintes medios: teléfono, Whatsapp (mediante o envío de mensaxes, audios, vídeos, fotos, páxinas web e documentos con actividades, explicacións e posteriores revisións e correccións das mesmas) e correo electrónico para o envío de actividades. A través destes medios tamén se resolverán dúbidas sobre as tarefas ou os contidos que se están a impartir, ademais de facer titorías cando se precisen.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Libro e caderno de actividades con pegatinas. Xogos interactivos e recursos multimedia na web. Audicións. Vídeos. Contos. Cancións. Obxectos. Flashcards/Wordcards. Storycards. Posters.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As familias e o alumnado serán informados por teléfono.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.